



Ilustracións:

Leandro Lamas e Lucía Rodríguez Regueiro

Edita: UNICEF Galicia

Deseño e maquetación: Cibrán Silleiro

© Desta edición: UNICEF Galicia, 2020

© Dos textos: Leticia Costas, María Solar
e Fran Alonso, 2020

Das ilustracións: © Leandro Lamas (portada,
portadiña e páxina 8) e Lucía Rodríguez Regueiro
(páxinas 12, 17 e 21)

Imprime: Xunta de Galicia



Leticia Costas

María Solar

Fran Alonso



Como xurdiu *Contaxio*

A 14 de abril do 2020. Transcorrido un mes desde o establecemento do Estado de Alarma en España. Un mes de confinamento, un mes de peche de todos os centros educativos e de todos os niveis educativos ao longo do noso territorio.

Unha medida que levou a que 8.237.006 estudantes de ensinanzas non universitarias se visen obrigados a continuar coa súa aprendizaxe desde os seus fogares, poñendo a proba a capacidade de resposta do sistema educativo, das súas familias e a dos propios nenos, nenas e adolescentes.

Aínda que os centros pechasen, o dereito á educación non podía nin debía deterse. Tampouco UNICEF España, dende onde demos unha resposta integral e un acompañamento constante á comunidade educativa para a defensa dos dereitos da infancia e o exercicio da cidadanía global.

O dereito á educación tamén mobilizou a UNICEF Comité Galicia: a mediados de abril, nunha das moitas conversas que mantemos acotío con Lucía Regueiro, Amiga de UNICEF Comité Galicia, compartimos a necesidade e o noso desexo de promover o dereito á educación e á cultura dos nenos e nenas galegos. E así xurde unha marabillosa idea: crear un conto en tempos da COVID.

Contactamos con María Solar, que entusiasmada coa proposta, suxire escribir un conto colaborativo para o que fala con Leticia Costas e Fran Alonso. Ilusionados, aceptan colaborar na iniciativa.

E ... hurra!, chegou *Contaxio!*, un conto didáctico profundamente traballado e tecido a través das emocións coa finalidade de promover a aprendizaxe da cativada. Eu persoalmente rin, chorei e sentín unha enorme ledicia no meu corazón!. Porque o que tedes ante vós é unha fermosa xoia artellada desde a xenerosidade e o compromiso, ilustrada por Leandro Lamas cunha elegancia

sen igual e deseñada e maquetada por Cibrán Silheiro.

Desde UNICEF Comité Galicia agradecemos sinceramente a Lucía, María, Leticia, Fran e Leandro a súa dispoñibilidade, esforzo e paixón que deron como resultado este fantástico traballo.

Para finalizar, tamén agradecer á Xunta de Galicia a impresión deste conto e facer posible que estea nas bibliotecas públicas, nos centros de protección de menores e nos centros educativos de Galicia.

Non o perdades, non vos defraudará.

IRENE MARÍN,
coordinadora de UNICEF Comité Galicia.



Contaxio

Sei que son unha palabra incómoda. Vale, si, máis que incómoda son unha palabra que pode parecer perigosa. Pero, a ver, tampouco é para tanto, son unicamente unha palabra, non unha enfermidade! É certo que a ningún lle gustou nunca arrimarse a min, recoñezoo. No dicionario, as outras palabras sempre me miran con prevención. Con todo, sempre me sen-

tín a gusto no meu espazo, alí metidíña, na letra c, porque, claro, contaxio empeza por c, así que estou colocada na letra c. Por certo, aparezo en todos os dicionarios, que hai palabras que non aparecen en todos! Son unha palabra importante. As palabras máis raras aparecen só nos dicionarios máis gordos. Pero eu... estou en todos! E iso que contaxio, disque. A ver, contaxio de palabra só, que eu non contaxio. Pero desde que comezou isto do coronavirus... Eh, a palabra coronavirus aínda está en moi pouquiños dicionarios! Vale, dicía que desde que

comezou isto do coronavirus as outras palabras téñenme medo. Medo, si, medo. Digo medo. Medo de verdade. Tanto que a palabra medo está esgotada de correr por todo o dicionario para adiante e para atrás. Antes as outras palabras achegábanse a min con receo, pero achegábanse. Agora ningunha palabra se achega a min. Parezo a palabra apestada. E non son apestada, son contaxio! Agora no dicionario hai moito branco ao meu redor. As outras palabras fóronse afastando disimuladamente e non quedou ningunha ao meu carón. Síntome moi

soa. Cando algunha palabra quere dicirme algo, agóchase detrás doutra, case sempre detrás da palabra máscara. Pero o que me puxo realmente triste foi o que pasou onte. Achegóu-



seme a palabra parva, que está moi lonxe de min e eu case non a coñezo, porque está no p, ao final do dicionario, e comezou a insultarme. Díxome que eu non era unha palabra, que era unha peste! Será parva! E quixo botalme fóra do dicionario. Di que vai propoñer unha votación para que eu me teña que ir e non as infecte a todas. Teño moito medo. Non sei como vai acabar isto. Conteillo todo á palabra inxustiza, que está perto porque está no i, e recomendoume ir falar coa palabra xustiza. Pero teño moito medo. Xustiza é case a derradeira do dicio-

nario e o camiño ata alí esta cheo de palabras inimigas. De verdade, non sei que facer!


Estou tan desacougada que comecei a pasear sen rumbo, matinando, de arriba a abaixo, de esquerda a dereita, de atrás a diante, e metinme por páxinas nas que nunca estivera. Páxinas que se visitan pouco porque nelas hai palabras que ninguén quere ver. Así atopei a pobreza, paro e pena, que acostuman a pasear xuntas como se estiveran unidas por algo máis que o seu sitio na letra *p*. Fun máis alá e

coñecín á palabra marxinal. Nunca a vira! Vive fóra da súa liña, case escondida, como se o propio dicionario non quixera tela alí. Hai unha palabra que vai vela, é fame. Fame non está mal vista. Moita xente úsaa varias veces ao día. Dáme a merenda que teño fame! Que fame me dá ver esa empanada! Teño fame dun doce de pasas! Por iso fame non é unha palabra mala, nin moito menos. Pero aquí, nestas páxinas do dicionario, fame é ben distinta, amosa o seu lado escuro. Ás veces é cruel e malvada. Persegue a todas estas palabras das que vos falei,

e fainas chorar. Eu tamén chorei coñecendo todo isto, como podía vivir sen saber o que acontecía con elas?

Cando pase o do coronavirus igual me perden o medo e volvo ser unha palabra como era antes, pero aquí, nesta zona do dicionario, estas palabras viven sempre repudiadas. Decidín ir falar con marxinal. Cando me veu chegar escondeuse, e axexou-me desde debaixo da marxe da folla, asomando só marx- Pero eu aínda vendo só un cachiño dela recoñecina. Saudeina con educación. E devolveume un sorriso. Funme achegando

de vagar, medorenta de darlle medo, pero a marxinal xa case nada lle dá medo do acostumada que a ignoren.



Faloume:

—Estalo pasando mal. Seino. Fá-lase de ti por todas partes. Non te preocupes, ha de pasar. Hai palabras traballando para axudarte: vacina, medicina, investigación, son pouco dadas a facerse notar pero sei que te apoian. Saberás delas calquera día destes. Estate tranquila.

Abraioume e marabilloume oíla falar con tanto tino e afecto comigo que era unha descoñecida que nunca lle prestara atención. E sentínme fatal.

—E ti? Non tes a ninguén?

—Co tempo aprendín a ser auto-suficiente e a quererme a min mesma —contestoume ela, moi seria—. Grazas a iso, sobrevivín. E se eu puiden facelo, ti tamén podes.

Dito isto, volveuse agochar e fíxose o silencio. Nunca me sentira tan desacougada coma nese instante. Botei a andar e percibín como as outras palabras facían todo o posible por apartarse ao meu paso. Non querían rozarse comigo. Que útil sería naquel momento ter do meu lado a impermeable, para poder abrigarme baixo a súa capa protectora. Ou invisible.

Desaparecer por un tempo, ata que todo volve-se á normalidade. É duro que te desprecen, sentirse abandonada. Quixera voar, coma fan paxaro, avión ou bolboreta. Hai moito que sospeito que, en plena madrugada, cando ninguén as ve, alzan o voo e via-xan moi lonxe. Pasean durante horas por lugares maravillosos e regresan antes de que rompa o día. Mais eu non podo facer nada parecido. Non me queren en ningún sitio, alá onde vou semento o pánico.

A miña travesía polo dicionario foi coma cruzar un deserto. Ás veces

escoitaba berros e insultos desde algunha definición. Traguei unha chea de bágoas porque me daba vergoña que me visen chorar. Houbo un momento en que case tomo a decisión



de marchar do dicionario para sempre. Nin sequera chegaran tan lonxe con palabras coma desterrada, fuxida ou emigración. Se a elas as toleran e as respectan, por que a min me fan isto?, pensaba eu. Daquela, cando xa cría que todo estaba perdido, cheguei onda a palabra aperta. Non fixo como as outras. En lugar de berrarme, insultarme ou apartarse de min, reaccionou dun xeito inesperado.

—Non chores –bisbou, ao ver os meus ollos líquidos—. Tan só necesitas un abrazo.

Daquela, estirouse moito e as súas

letras empezaron a se despegar unhas das outras. A continuación desenredáronse unha por unha para desfacer o seu trazo. Axiña comprendín que estaban preparándose para formar unha aperta. Eu quedei alí, entre os seus brazos, acubillada naquela caloríña, ata que se puxo o sol. Aquela noite, despois de moito tempo, soñei só con palabras bonitas. E fun feliz.

A versión audiovisual

A creación deste *Contaxio* que tes entre as mans foi, para min, toda unha viaxe emocional. Durante aqueles meses da primavera do 2020 que nunca esqueceremos eu tiña claro que, como amiga de UNICEF Comité Galicia, precisaba aportar algo, non sabía moi ben o que, dentro das limitacións impostas pola situación. Nunca esquecerei a conversa telefónica con Irene Marín na que xurdiu a idea de crear un conto para regalarllo a tódolos nenos e nenas de Galicia, que nese momento levaban xa varias semanas de illamento, lonxe das escolas e dos amigos. E nunca esquecerei tampouco a ilusión coa que empezamos a facer chamadas para propoñlle a idea a tódolos amigos que ían ser os nosos cómplices nesta aventura. Todos dixeron que si sen pensalo. E eu aínda me emociono cando o lembro.

Desde o primeiro momento Irene e mais eu estivemos de acordo en que este conto tiña que ser un traballo colaborativo, tanto na escrita como na súa versión audiovisual, porque as dúas cremos firmemente na importancia do esforzo en equipo, da colaboración, e considerabamos importante que ese valor estivera presente neste proxecto. Xamais poderei agradecer dabondo a

María Solar a súa enerxía e entusiasmo desde o minuto un, e a Fran Alonso e Leticia Costas, que sen dubidalo aceptaron formar parte deste equipo de luxo e escribir a seis mans, desde a distancia e nun tempo moi limitado, este conto inédito. Con estes tres magníficos e recoñecidos escritores a bordo a maxía estaba garantida, e iso foi precisamente o que sentín cando lin por primeira vez o conto: maxia. Coa fermosa ilustración de portada do pintor Leandro Lamas e as encantadoras ilustracións interiores da artista do pincel e da cámara Lucía R. Regueiro xa estaban listos tódolos vimbios da versión impresa. Pero queríamos atopar un xeito máis inmediato de compartir o conto coas familias, e tiñamos claro que o medio audiovisual era o vehículo axeitado.

E é aquí cando entran en escena oito compañeiros marabillosos do meu ámbito profesional, sete actrices e actores e unha realizadora cun talento tan grande como a súa xenerosidade e compromiso coa infancia. Contar con Xúlio Abonjo, Monti Castiñeiras, Miguel Canalejo, Isabel Naveira, Federico Pérez, Beatriz Serén e María Vázquez para poñerlle voz, rostro e corazón ó noso conto foi contar con outro equipo

de luxo, un reparto absolutamente excepcional. Cada un de nós gravou o texto completo na súa casa, nun formato, o da auto-gravación, que reflicte moi ben o momento que estabamos a vivir e que penso que será moi recoñecible para os nosos pequenos lectores-espectadores. Con todo ese material en bruto, Lucía R. Regueiro fixo a montaxe chea de agarimo e delicadeza que agora podeades ver a través dos diferentes soportes nos que está dispoñible o vídeo.

O obxectivo de todo este esforzo colectivo era facer chegar ós nosos nenos e nenas, ás familias e ás escolas, un material novo especificamente creado para eles coa intención de axudar a dar sentido a algúns conceptos e sentimentos que se fixeron moi presentes no transcurso desta pandemia que volveu do revés as vidas de todos. Agardo que desfrutedes desta viaxe polo dicionario tanto como todos nós dándolle forma.

A tódolos que fixeron posible este auténtico contaxio de amor, e a todos os que o estades a ler ou a ver en vídeo, GRAZAS de todo corazón.

LUCÍA REGUEIRO,
amiga de UNICEF Comité Galicia.



As persoas que interviñeron nesta historia (de esquerda á dereita): María Solar (escritora), Fran Alonso (escritor), María Vázquez (actriz), Isabel Naveira (actriz), Miguel Canalejo (actor), Xúlio Abonjo (actor), Leticia Costas (escritora) Beatriz Serén (actriz), Monti Castiñeiras (actor), Lucía Rodríguez Regueiro (realizadora e ilustradora), Leandro Lamas (ilustrador), Fede Pérez ((actor) e Lucía Regueiro (actriz).

Non perdas o conto en formato
audiovisual:



<https://bit.ly/ContaxioUNICEF>